

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000033.

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **20 de agosto de 2025**, ás **10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para os efectos:

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

EDUCACIÓN

1. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

PERSOAL

2. PROPOSTA DE PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DUN POLICÍA MUNICIPAL.

INTERVENCIÓN

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE 24 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2025. SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN CESTA GRÚA ELEVADORA DE 18 METROS PARA SERVIZOS ELÉCTRICOS DE MEDIO RURAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (EXP. REF. 2025/C004/000027).

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE E-ADMON PARA OS COMPOÑENTES TeCOL (TRAMITADOR DE EXPEDIENTES) E SeCOL (SEDE ELECTRÓNICA), EXP. REF.

2023/C003/000019. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2025 AO 31 DE AGOSTO DE 2026.

6. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION "APRENDE XOGANDO" DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE-SERVIZO DE IGUALDADE). EXP. REF. 2025/C003/000034. ADXUDICACION.

7. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REURBANIZACIÓN DO CARRIL DAS FLORES. MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA SEXTA -CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA- DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS. EXP. REF. 2025/C002/000018.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.